



14ª REUNIÓN DO CONSELLO DE AVALIACIÓN DOCUMENTAL DE GALICIA

Data: 28 de marzo de 2023

Lugar: A reunión tivo lugar de forma presencial na Aula 6 do Edificio Domingo Fontán da Cidade da Cultura de Galicia en Santiago de Compostela e a través de videoconferencia mediante a plataforma Falemos.

Hora de comezo: 12.30 horas

Hora de remate: 14.30 horas

Asistentes

1. Anxo M. Lorenzo Suárez, director xeral de Cultura, presidente
2. M^a del Carmen Calviño Rodríguez, subdirectora xeral de Arquivos e Museos, vogal
3. M^a del Mar García Miraz, xefa do Servizo do Arquivo de Galicia, vogal, secretaria por substitución da titular.
4. Gabriel Quiroga Barro, xefe de Sección do Arquivo do Reino de Galicia [Telemática]
5. Alfonso Cascudo Rasilla, xefe de Sección do Arquivo Territorial da Xunta en Pontevedra, vogal [Telemática]
6. Carmen Moreiras Plaza, técnica de documentación do Parlamento de Galicia, en representación do Valedor do Pobo, vogal [Telemática]
7. Susana Díaz García, arquiteira do Arquivo Municipal de Foz, en representación da Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), vogal [Telemática]
8. José Luis Mínguez-Goyanes de la Rica, xefe do Servizo do Centro de Documentación e Arquivo (CEDAR) da Universidade da Coruña. En representación do Consello Galego de Universidades, vogal [Telemática]
9. Aránzazú Portabales Santomé. Subdirectora Xeral de Fiscalización e Control Interno [Telemática]
10. Asunción Liñares castro. Dirección Xeral de Simplificación Administrativa
11. Alba Pérez Fernández. Arquivo Territorial de Xustiza. Ourense [Telemática]
12. Rodrigo Silva Poceiro. Arquiteiro do Arquivo Municipal de Pontevedra, Invitado.
13. José Rodríguez- Villasante Daviña. Arquiteiro do Arquivo Municipal de Ferrol, Invitado. [Telemática]

Xustifican a ausencia:

1. M^a Josefa Piñón López, xefa do Servizo do Sistema de Arquivos, secretaria e vogal.





2. Pilar Cagiao Vila, profesora de Historia Contemporánea da Universidade de Santiago de Compostela.
3. Jesús Oitavén Barcala, director xeral de Simplificación Administrativa, vicepresidente[Telemática].
4. Isabel Novo Castro, asesora xurídica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades en representación da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia, vogal.

Orde do día

1. Lectura e aprobación da acta da sesión anterior

2. Informar sobre as propostas de avaliación de series documentais da Administración autonómica e da Administración local

2.1. Novos estudos:

Administración autonómica:

Arquivo de Galicia

- Inventarios de patrimonio cultural de Galicia (Cód. AA6067)
- Recursos administrativos (Cód. AA0024)
- Recursos contencioso-administrativos (Cód. AA0025)

Arquivo do Reino de Galicia

- Expedientes de inscrición no Rexistro Público de demandantes de Vivendas de Galicia (Cód. AA3784)

Administración local:

Arquivo Municipal de Pontevedra

- AL S0239. Contratacións de obras. [AL193. Expedientes de contratación de obras]
- AL S0267 Contratación de servizos. [AL194 Expedientes de contratación de servizos]
- AL S0282 Contratación de subministracións. [AL195 Expedientes de contratación de subministracións]
- AL S0253 Contratación de concesión de obra pública. [AL940. Expedientes de contratación de concesión de obra pública]
- AL S0679 Licenzas de obras maiores. [AL235. Expedientes de licenzas de obras maiores]





- AL S03020 Expedientes de concurso-oposicións. [AL162 Expedientes de concursos-oposición]

Arquivo Municipal de Ferrol

- Expedientes de contratos privados (AL939)

2.2. Informar sobre revisión de propostas de avaliación da serie aprobada polo Consello na sesión de 4 de decembro de 2020 e publicada no DOG núm 38 do 25 de febreiro de 2021. Táboa 45.

Arquivo Central da Consellería de Economía, Industria e Innovación

- Expedientes de avaliación e recoñecemento de competencias profesionais (Cód. AA3143)

2. Informar sobre as propostas de eliminación de documentos

3.1. Propostas que contan con Táboas de avaliación aprobadas e publicadas no DOG que contan con Táboas de avaliación aprobadas e publicadas no DOG

Arquivo de Galicia

- Rexistro de control horario dos empregados públicos (Cód. AA0058)
Táboa T0076 DOG núm. 4, do 11 de maio de 2022
Datas extremas: 1986-2013
Volume a eliminar: 94 u.i. compartidas
- Expedientes de licenzas, permisos e vacacións dos empregados públicos. (Cód. AA0059)
Táboa T0077 DOG núm. 91, do 11 de maio de 2022
Datas extremas: 1984-2014
Volume a eliminar: 48 u.i. compartidas
- Expedientes de contratos administrativos. (Cód. AA5612)
Táboa T0082 DOG núm. 167, do 2 de setembro de 2022
Datas extremas: 1990-1993
Volume a eliminar: 222 u.i.

Arquivo Histórico Universitario de Santiago de Compostela

- Expedientes de xestión do gasto e do pagamento (U001)
Código de táboa: T059. DOG núm. 116, do 21 de xuño de 2021
Datas extremas: 2015-2016





Volume a eliminar: - 23 u.i.

- Expedientes de prazas de aloxamento en residencias universitarias públicas (U010)

Código de táboa: T030. DOG núm. 4, do 8 de xaneiro de 2020

Datas extremas: 2007

Volume a eliminar: 361 u.i.

- Expedientes de bolsas de carácter xeral do MEC (U003)

Código de táboa: T032. DOG núm. 4, do 8 de xaneiro de 2020

Datas extremas: 2015-2016

Volume a eliminar: 71 u.i.

Arquivo Municipal de Pontevedra

- Expedientes de taxas e prezos públicos (Cód. AL552)

Táboa 26. DOG núm. 4, do 8 de xaneiro de 2020

Datas extremas: 1963-2006

Volume a eliminar: 93 u.i.

3.2. Propostas condicionadas á aprobación das Táboas de Avaliación e a súa publicación no DOG.

Arquivo do Reino de Galicia

- Expedientes de inscrición no Rexistro Público de Demandantes de Vivenda de Galicia (Cód. AA3784)

Datas extremas: 2007-2012; 2016-2018

Data da proposta: 14 e marzo de 2023

Volume a eliminar: 585 u.i.

4. Rolda de intervencións

DELIBERACIÓNS

Abre a sesión o director xeral de Cultura que saúda aos asistentes e presenta para a súa deliberación os puntos establecidos na orde do día:

1. Lectura e aprobación da acta da sesión anterior

Gabriel Quiroga comenta que na relación de asistentes figura como xefe de sección do Arquivo de Galicia en lugar do Arquivo do Reino de Galicia.

Asunción Liñares Castro comenta tamén que nesta relación figura como asistente á reunión e que non asistiu.



Despois de que o director xeral faga explícito que se farán estes cambios, apróbase a acta.

2. Informar sobre as propostas de avaliación de series documentais da Administración autonómica e da Administración local

2.1. Novos estudos:

Mar García Miraz expón os estudos realizados no Arquivo de Galicia:

- Inventarios de patrimonio cultural de Galicia (Cód. AA6067)
- Recursos administrativos (Cód. AA0024)
- Recursos contencioso-administrativos (Cód. AA0025)

Gabriel Quiroga prantexa, respecto á serie de recursos contencioso-administrativos, que quizá habería que prantexarse a posibilidade de que esta serie, proposta como de conservación permanente, puidera ser eliminada, unha vez estudada a parte correspondente aos contenciosos existentes nos tribunais, tendo en conta que serían os máis completos.

Mar García Miraz contesta que o estudo desta serie unicamente se fixo tendo en conta o ámbito que corresponde á Administración autonómica, pero que, por suposto, podería ser tido en conta nun futuro. A subdirectora xeral de Arquivos e Museos ratifica que o estudo podería ser revisado tendo en conta esta perspectiva nun futuro.

Apróbanse os estudos.

A continuación Gabriel Quiroga expón o realizado no Arquivo do Reino de Galicia:

- Expedientes de inscrición no Rexistro Público de demandantes de Vivendas de Galicia (Cód. AA3784). Non hai comentarios e dase por aprobado o estudo.

Rodrigo Silva Poceiro expón os estudos realizados no Arquivo Municipal de Pontevedra, todos eles aprobados xa pola súa propia Comisión de Avaliación Documental. En primeiro lugar expón de forma conxunta os catro estudos de contratación realizados, sinalando para cada caso as peculiaridades propias.

- AL S0239. Contratacións de obras
- AL S0267 Contratación de servizos
- AL S0282 Contratación de subministracións
- AL S0253 Contratación de concesión de obra pública

A continuación expón o correspondente a

- AL S0679 Licenzas de obras maiores



Alfonso Cascudo comenta que lle chama atención que se estableza un acceso libre para a consulta dos proxectos de obra, ao que Rodrigo Silva responde que esta cuestión está así establecida no artigo 143.3 da lei 272016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia ao declarar que “unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, e o seu autor responden da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados nel. María del Carmen Calviño engade que esta cuestión foi xa amplamente comentada no Grupo de traballo onde se puxo de relevo que isto non exime da obriga de facer un uso desta información axustada á legalidade.

E finalmente a serie:

- AL S030209. Expedientes de concurso-oposicións.

Finalmente José Rodríguez-Villasante expón o estudo realizado no Arquivo Municipal de Ferrol:

- Expedientes de contratos privados (AL939)

Explica que este estudo é unha trasposición do que xa fora aprobado para a Administración autonómica. Non hai comentarios e dase por aprobado o estudo.

2.2. Informar sobre revisión de propostas de avaliación da serie aprobada polo Consello na sesión de 4 de decembro de 2020 e publicada no DOG núm 38 do 25 de febreiro de 2021. Táboa 45.

Mar García Miraz explica que a revisión do estudo obedece á necesidade de modificar os apartados correspondentes aos prazos de vixencia administrativa e , como consecuencia, tamén o apartado de selección.

No estudo aprobado establecíase un valor administrativo durante un prazo máximo de 4 anos a contar desde o momento en que a resolución fora firme, tomando como base o prazo establecido polo artigo 115 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común para a interposición de recurso extraordinario de revisión.

Advertiuse que non se tivera en conta, por un lado, que o Decreto Lexislativo 1/1999, de 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Réxime Financeiro e Presupostario de Galicia, no seu artigo 27, establece que prescribirá aos 5 anos o dereito ao recoñecemento ou á liquidación de toda obriga económica da Comunidade e por outro, que, tendo en conta que desde o ano 2016 (inclusive) estas ordes son cofinanciadas cun 80% con fondos do Fondo Social Europeo, temos que considerar o establecido polo o artigo 140 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 17 de decembro de



2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e se derroga o Regulamento (CE) nº 1083/2006 do Consello que dispón que os documentos xustificativos apoiados polos Fondos deberán estar a disposición da Comisión e do Tribunal de Contas Europeo, se así o solicitan, durante un prazo de tres anos a partir do 31 de decembro seguinte á presentación das contas nas que estén incluídos os gastos da operación.

Tendo en conta a complicada e longa tramitación destes procedementos, despois dunha consulta ao Servizo de Inspección e Control do Fondo Social Europeo acordouse establecer un prazo de vixencia longo de 10 a contar desde o momento de publicación da convocatoria do procedemento en lugar de ter que coñecer a data de presentación das contas para calcular o período de disposición.

De acordo con isto axustouse o prazo para a eliminación da seguinte forma:

Mantense o criterio de conservación permanente para a parte xeral do expediente.

Con anterioridade ao ano 2016 poderán eliminarse os expedientes individuais a partir dos 6 anos de finalización da tramitación. (engádese 1 ano de cautela ao prazo de 5 anos de valor administrativo).

A partir do ano 2016 poderán eliminarse os expedientes individuais a partir dos 15 anos da data da convocatoria (engádese 5 anos de cautela aos 10 anos de valor administrativo).

Aránzazu Portabales advirte que durante a exposición fíxose alusión á Lei de Orzamentos e Réxime financeiro de Galicia en lugar de á Lei de Réxime Financeiro e Presupostario de Galicia. Mar García Miraz pide disculpas polo erro.

Apróbase a revisión do estudo.

3. Informar sobre as propostas de eliminación de documentos que contan con Táboas de avaliación aprobadas e publicadas no DOG

O director xeral de Cultura fai a relación de propostas de eliminación presentadas.

4. Rolda de intervencións





O director xeral de Cultura comenta que debido a ausencia de María Josefa Piñón López, xefa do Servizo do Sistema de Arquivos, por motivo dunha baixa médica, está sendo substituída na súa labor de secretaria por Mar García Miraz, xefa do servizo do Arquivo de Galicia.

ACORDOS

1. Aprobar a acta da sesión anterior
2. Aprobar as propostas de avaliación de series documentais da Administración autonómica e da Administración local presentadas.
3. Aprobar as propostas de eliminación de documentos presentados.

E non tendo máis asuntos que tratar, levántase a xuntanza ás 14:30 horas

Santiago de Compostela,

Vº e prace

A secretaria

O presidente

María del Mar García Miraz

Anxo M. Lorenzo Suárez

